



CentroComercialAberto

**ASETEM**



## MELIDE

Inaugurado o tramo da A-54 entre Melide e Palas P14

## COMARCA

Santiso inverte 800.000€ no servizo de Axuda no Fogar P17

## CULTURA

Os Melidaos gañan o Premio XIII Xabier Prado Lameiro P20

## ENTREVISTA



Andrea e Manuel, Academia O Pequeno Besbello P23

# Cerne

## O xornal da Terra de Melide

Ano XX - Nº 228. Febreiro 2025. Distribución gratuíta

## No Mercamelide e na Feira de Gastronomía e Artesanía participarán 30 postos de venda

No Mercamelide e a Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia, organizada polo Concello de Melide e Asetem, participarán 30 postos de venda con diversos produtos e artigos de proximidade.

Esta fin de semana, 8 e 9 de febreiro, o Pazo de Congressos acollerá unha nova edición da feira de oportunidades do comercio local de Melide e a primeira orientada á Gastronomía e Artesanía galega. O horario de apertura será de 11:00 a 20:00 horas. P3



## Manuel Casal presenta o seu novo proxecto o día 13



O empresario Manuel Casal presenta o seu novo proxecto de "cohousing senior" o vindeiro xoves, 13 de febreiro, na sede da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. P10

## Eva Mera reflexiona sobre o tempo no seu novo libro



A artista Eva Mera publica o seu terceiro libro, "El tiempo en su final de la llegada de iguales", no que reflexiona sobre o gran valor do tempo e a sociedade actual. P21

   
**ESPOMASA**  
 CTRA MELIDE-TOQUES KM8  
 L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30  
 SÁBADOS 10:30 a 13:30

 **el almacén del colchón**  
 by ESPOMASA

N-547, 15800 Furelos, A Coruña  
 L - S 10:00 a 14:00  
 16:30 a 20:30

**DESCUENTOS DE COLCHONES, SOFÁS, CANAPÉS Y MUCHO MÁS EN NUESTRAS TIENDAS**

**30%** **40%** **50%**

**REMATE FINAL**

\*HASTA 28 DE FEBRERO O FIN DE EXISTENCIAS

## Tribuna de opinión

### Falta perspectiva de xénero nos xulgados

En todas as campañas e iniciativas contra a violencia machista faise fincapé na necesidade de que as vítimas denuncien. Estamos de acordo na necesidade de seguir o camiño legal para así asegurar a protección da muller maltratada. Recordemos que o 016 é o teléfono de atención ás vítimas e non deixa rexistro. Non obstante, logo de ver o interrogatorio do xuíz Adolfo Carretero a Elisa Mouliá dá a sensación de que algúns xulgados son lugares hostís para as mulleres.

Nesta declaración, o xuíz manifesta que non entende porque se sentiu violentada e pronuncia nun ton duro, agresivo e incisivo frases como: "¿para qué se sacó (él) el miembro viril?", "le intentó bajar las bragas o algo?" ou "no sería que usted sí quería algo con ese señor y al ese señor no corresponderle ahora le denuncia?".

Este xeito de preguntar e cuestionar, así como o ton, dista moito do empregado co acusa-



Un mazo de madeira e a estatua que representa a xustiza. / Foto: iStock

do, Íñigo Errejón.

Nunha situación tan delicada como é para unha persoa narrar un episodio de violencia sexual, parece de sentido común que, a persoa que interroga debe ter un mínimo de empatía e bo trato.

Este caso amosa a falta de formación en materia de xénero de moitos dos xuíces e xuízas e do moito que queda por mellorar nesta materia. Estas actitudes por parte dos maxistrados só contribúe a que as vítimas non queiran pasar por todo o proceso que implica

denunciar ao seu agresor.

Vendo estas situacións parece claro que as políticas con perspectiva de xénero son moi necesarias para que en todos os eidos da sociedade as mulleres deixen de ser cuestionadas.

Confiemos en que grazas a esta filtración das declaracións de Elisa Mouliá e as máis de 900 queixas presentadas ante o Consello do Poder Xudicial, as cousas cambien e que ningunha muller máis, vítima de delitos sexuais ou machistas, volva pasar por unha situación coma esta.

## Editorial

### As baixas laborais nas pemes

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Unha persoa con máscara e xel hidroalcohólico na súa oficina. / Foto: iStock

As baixas laborais son, para moitos empresarios e empresarias pequenas, un grave problema. Esta situación, deriva dunha enfermidade ou indisposición que lle impide a un traballador ou traballadora incorporarse ao seu posto de emprego, provoca en pequenas empresas un forte desaxuste. Máis alá do custe que lle pode implicar unha baixa a estes empresarios ou empresarias tamén prexudica o nivel de traballo.

Como é lóxico toda persoa ten dereito de enfermarse ou estar nunha si-

tuación que lle impida traballar. Non obstante, as Administracións públicas deberían lanzar medidas para apoiar aos pequenos empresarios e empresarias a afrontarse a situacións nas que se atopan cun ou varios dos seus empregados de baixa médica.

Unha das posibles medidas poderían ser as chamadas "altas progresivas", nas que as persoas traballadoras poden incorporarse progresivamente ao mercado laboral, sempre e cando o persoal médico así o aconselle.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Lorena Vidal

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

**Telf. e Fax:** 981 506 188 **E-mail:** [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** CEIP de Arcediago

**AGRADECIMENTOS:** Imprenta Meligraf e Pilar López

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE  
MEDIOS EN GALEGO

## ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- ENTREVISTA.....23

## No Mercamelide e a Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia participarán 30 postos de venda

No Mercamelide e na Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia, organizada polo Concello de Melide e Asetem, participarán 30 postos de venda con diversos produtos e artigos de proximidade.

Esta fin de semana, 8 e 9 de febreiro, o Pazo de Congresos acollerá unha nova edición da feira de oportunidades do comercio local de Melide e a primeira orientada á Gastronomía e Artesanía galega. O horario de apertura será de 11:00 a 20:00 horas, sábado e domingo.

Dentro do espazo do Mercamelide estarán: Mis Mejores Labores, Calzados Broz, Xanela Ocio e Animación, Goalkers, Adeslas, Zafiro, Marvi, Sueños, Itelgal, Electrosan, Romero Zapaterías, Flor de Toxo e Tu Boutik.

Na parte da Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia participarán: Borboriño Xeados, Eva Mera, María Viqueira, Fuelles Miragaya, Ea Ilustra, Mel de Brezo, Trasdeza Natur, Artesanía Isabel, Jerolas, Do Gaitero, Xacobleas, Queixería Casa Donicio, Obradoiro Gorín, Xeou e Orixes Galegas.

Neste evento, a veciñanza e visitantes poderán



Cartel promocional do Mercamelide e a Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia. / Foto: Concello de Melide

adquirir produtos de primeira calidade a prezos moi competitivos, estes inclúen fogar, roupa, calzado, tecnoloxía ou beleza.

A maiores, outra das novidades desta convocatoria é o espazo de actividades que contará con diversos talleres e obradoiros durante toda a fin de semana, como por exemplo: paseos guía-

dos con Guido Guía, introdución ao mundo do viño con A Bodeguilla, obradoiro sobre lapiceiros de emojis, demostración de decoración con fío de yute, cata de produtos deshidratados, taller de bonecos de neve esquiadores, demostración ao torno de Fran Gorín, a presentación do libro *"El tiempo en su final de la llegada*

*de iguales"* de Eva Mera ou obradoiro de marcapáxinas de collage.

Ademais, durante todo o día haberá un espazo infantil habilitado para crianzas con distintas actividades.

Outra das novas deste Mercamelide e Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia é o

sorteo dunha Escapada Fin de Semana e varias Cestas de Froita, a cargo de Frutas Nati, para todas as persoas que merquen nos postos instalados no Pazo de Congresos. O sorteo será o domingo, 9 de febreiro, ás 19:00 horas e para gañar haberá que estar de xeito presencial.

Con esta actividade, o Concello aposta por dar visibilidade e poñer en valor os nosos trazos culturais e económicos máis distintivos e singulares. "Esta iniciativa procura non só apoiar o comercio local, senón que promova a actividade no medio rural e supón unha aposta por medidas de desenvolvemento do mesmo".

Dende o equipo directivo da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide fan fincapé na importancia de realizar diversas actividades co comercio de proximidade para promover as vendas, especialmente en épocas de menor movemento. Ao mesmo tempo, queren agradecer o seu compromiso e traballo a todas as tendas participantes nesta nova edición do Mercamelide e na primeira da Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia.

**CHINCHES?**

**Plagostel**  
control de riesgos ambientales

▶ **Llámanos**

▶ ☎ 698179968 / 986118714  
▶ ✉ administracion@plagostel.com

## "Se penso na vila de Melide o primeiro que me vén á cabeza é o acolledora que é, o cálida que é a xente"

- **Que actividades tes preparadas para a fin de semana do 8 e 9 de febreiro en Melide?**

- **Guido Álvarez:** Faremos dous paseos guiados pola vila e a contorna que nos servirán de arranque para logo pasar o día enteiro en grupo, quen se anime claro.

- **Que che parece a idea de combinar as túas actividades turísticas cun evento como o Mercamelide e a Feira de Gastronomía e Artesanía do Cerne de Galicia?**

- **G.A.:** Paréceme unha combinación perfecta. Hai un tempo que veño facendo combinacións deste estilo, e penso que é un tandem perfecto que beneficia tanto aos/ás organizadores/organizadoras de eventos como a min. É xuntar forzas, facer que a xente disfrute de moitos entretementos e que ao mesmo tempo marche coñecendo un pouquiño máis as vilas e as súas contornas.

- **Tes unha estimación da xente que se pode acercar a Melide coas túas actividades?**

- **G.A.:** Aínda quedan algúns días e isto fai que non sexa doado atinar ao 100%. Pola experiencia dos últimos tempos diría que non menos de 100 persoas, pero ao quedar aínda tempo pode ser que máis.

- **Se hai persoas con dúbidas de acudir as túas actividades, que lles dirías para convencelas?**

- **G.A.:** Aos que nunca viñeron con nós diríalles que terán a oportunidade de coñecer a moita xente fantástica, a clave do meu proxecto é a xente marabillosa que vén con asiduidade ás nosas actividades, e unha vila preciosa como é Melide. E aos que xa viñeron outras veces diríalles que esta ocasión vai ter un punto moi especial que é que imos pasar toda a fin de semana xuntos e de aí



Guido Álvarez durante a súa primeira actividade en Melide, o pasado mes de setembro de 2024. / Foto: Guido Guía

poden saír moitas anécdotas e recordos divertidos.

- **Esta é a segunda actividade que realizas na localidade, como valoras o teu traballo aquí?**

- **G.A.:** Estou agradecidísimo a Melide. Cando recibín a primeira proposta sentíame moi afortunado, porque Melide paréceme un lugar clave de Galicia. Unha vila con moito movemento, bonita, con historia, co Camiño, a pouca distancia de moitos lugares con moita poboación... para un guía coma min é un caramelo. Para máis, cando contactaron conmigo sentín que coñecían a fondo o meu traballo, e iso fíxome sentirme moi valorado e apreciado, algo que vale moito á hora de entusiasmarse cun lugar.

- **Cales son os teus recunchos favoritos do concello de Melide?**

- **G.A.:** Quédame moito por descubrir de Melide porque aínda estou comezando profesionalmente aquí, pero a Ponte de San Xoán de Furelos quizais é o meu recuncho

favorito. Gústame como vindo polo Camiño, uns metros antes da ponte, se abre a vista cara a vila. É unha ponte moi bonita e a parte eu son un namorado dos ríos... é un lugar que combina todo. Tamén quedo coas rúas antigas do centro histórico, tan descoñecidas para as persoas que atravesan Melide sen parar na vila. Faime pensar en canto me perdía e canto non vía cando pasaba co bus de Lugo a Compostela. Por último diría o gran mural de Mon Devane adicado ao apicultor Isidro Pardo, unha marabilla máis dun dos máis grandes artistas galegos deste século.

- **Por que animarías a toda a xente doutros lugares a visitar a vila?**

- **G.A.:** Polo seu ambiente, polo seu espírito. Creo que iso é o que sinto máis característico ou singular de Melide. Por suposto os atractivos e patrimonios son moitos, pero se penso en Melide o primeiro que me ven á cabeza é o acolledora que é, o cálida que é a xente.

Nótase que é un lugar habitado a recibir, a compartir, a vivir. Encántame o vital e divertida que é.

- **Nas saída que realizas consegues que centos de persoas te acompañen, tes milleiros de persoas seguidoras nas redes, ... cal é o segredo do éxito?**

- **G.A.:** Penso que se suman varias cousas. Por un lado diría os anos de traballo, especialmente dende que comecei o proxecto Guido Guía. Ó final son anos facendo actividades e entendendo que se a uns lles gusta acaban repetindo, recomendando... e iso é clave. Despois gústame poñer en valor a formación e as experiencias profesionais, porque creo que é de recibo saber valorar as ensinanzas que un recibiu de tantos bos mestres, profesores e expertos que se atopou no camiño. E por último diría que a miña paixón pola comunicación en xeral. A parte de guiar encántame escribir, facer fotos, o audiovisual, as redes... e iso axuda moi-

tísimo a propagar o traballo que un fai.

- **Cumpres 10 anos como guía, que repaso fas da túa traxectoria?**

- **G.A.:** Foron 10 anos que pasaron voando. Despois de máis dunha década fóra de Lugo, un día estaba en Burdeos iniciando un proxecto profesional que non me acababa de convencer, e decidín volver á miña terra antes do previsto. Ao pouco cadrou que me acreditei como Guía Oficial de Turismo de Galicia, e comezou esta aventura que cambiou a miña vida. É moi especial pensar en toda a xente que coñeceu o meu traballo nestes anos, pero diría que o máis bonito foi a cantidade de amizades preciosas que fixen, e a cantidade de vivencias que compartimos.

- **Que proxectos tes para este ano?**

- **G.A.:** Despois de 2 anos nos que me "deixei levar" este 2025 volvo un pouco ás orixes con ganas de desenvolver moitas novidades. Teño proxectos en Samos, coa Vía Küinig, co artista Mon Devane en Ourense, por suposto cos grandes artistas de Lugo, na Mariña Lucense, en Navia de Suarna... pero a maiores diso estou comezando a experimentar a famosa "creación de contidos" nas redes dun xeito máis estratéxico. Ata agora "compartía o meu traballo" pero agora estou comezando a deseñar un pouco máis e sobre todo a abrimme ás colaboracións co sector privado, algo que ata hai moi pouco non facía nunca. E estou moi contento, porque estou rescatando vellas propostas que recibira e que no seu momento rexeitei porque non o tiña claro. Agora si que estou convencido de sumar forzas e colaborar con calquera proxecto que sexa interesante.

## Axudas para empresas e persoas autónomas galegas

### \* **Subvencións Bono Enerxía Peme 2025**

**Beneficiarios:** empresas e persoas autónomas cuxa actividade se atope incluída nos serie de CNAE:

Sección G: comercio ao por maior e ao por menor, divisións de 45 a 47 incluídas.

Sección H: transporte e almacenamento, divisións de 49 a 53 incluídas.

Sección I: hostalería, divisións de 55 a 56 incluídas.

Sección J: información e comunicacións, divisións 58 a 63 incluídas.

Sección K: actividades de financiamento e de seguro, divisións 64 a 66 incluídas.

Sección L: actividades inmobiliarias, división 68.

Sección M: actividades profesionais, científicas e técnicas 69 a 75 incluídas.

Sección N: actividades administrativas e servizos auxiliares, divisións 77 a 82.

Sección P: educación, división 85.

Sección Q: actividades sanitarias e de servizos sociais 86 a 88.

Sección R: actividades artísticas, recreativas e de entretemento, divisións 90 a 93.

Sección S: outros servizos, divisións 94 a 96.

#### **Proxectos subvencionables:**

- *Bono asesoramento enerxético* (diagnoses, análises, auditorías enerxéticas, etc).

- *Bono envoltemento* (toldos ou láminas de control solar e/ou térmico).

- *Bono iluminación* (renovación de equipamentos de iluminación interior ou exterior, incluídos rótulos por outros que usen tecnoloxía LED).

- Bono instalacións eléctricas (renovación de transformadores, incorporación ou renovación de sistemas de alimentación ininterrompida, compensación de enerxía reactiva, instalación de filtros economizadores ou similares).

- *Bono equipamento* (renovación de equipamento consumidor de enerxía).

- *Bono climatización* (equipamentos que permitan reducir o consumo de enerxía de instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria. Tamén serán subvencionables recuperadores de calor, sistemas de arrefriamento gratuito, mellora dos illamentos da instalacións de climatización, sistema de movemento de fluídos caloportadores e de regulación de control).

- *Bono inmótica* (sistemas inmóticos e/ou domóticos).

Serán subvencionables os investimentos realizados entre o 01/01/2025 e o 01/10/2025, con un importe mínimo de 1.000 €, IVE excluído.

**Contía:** 80% do custo elixible, máximo 6.000 euros por solicitude.

**Prazo de solicitude:** do 17/01/2025 ao 25/06/2025, agás esgotamento de crédito previo.

### \* **Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas**

Dirixidas a empresas e persoas autónomas con domicilio social ou centro de traballo en Galicia; e a empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos sexa a consecución dun aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.

**Prazo de solicitude:** dende o 17/01/2025 ao 15/09/2025.

### \* **Axudas a proxectos de investimento empresarial**

- **Modalidades de subvención:** os proxectos de investimento obxecto de apoio deberán responder a algún dos seguintes proxectos subvencionables:

1.1 Proxectos de investimento empresariais xerais (o investimento subvencionable será de mínimo de 50.000€ + IVE e de máximo de 800.000€ + IVE).

1.2 Proxectos de investimento en equipamento produtivo (o investimento subvencionable será dun mínimo de 25.000€ + IVE e dun máximo de 800.000€ + IVE).

Beneficiarios: pequenas e medianas empresas, persoas físicas, agrupación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

#### **- Investimentos subvencionables**

1.1 Proxectos de investimento empresarial xerais: obra civil (nova construción, reforma ou rehabilitación, ou adquisición de edificacións ou construcións novas ou usadas), bens de equipamento (maquinaria, instalacións, equipos e transporte interno, vehículos especiais de transporte externo, medios protección ambiente e outros bens de equipamento), aplicacións informáticas, adquisicións de activos dun establecemento.

1.2 Proxectos de investimento en equipamento produtivo: bens de equipamento.

Os activos deberán ser novos, a excepción das construcións ou inmobles e dos activos pertencentes a un establecemento que pecha.

Contía: con carácter xeral 35% no caso de pequenas empresas e 25% no caso de medianas empresas (determinados sectores industriais ou empresariais terán outras porcentaxes).

Prazo de solicitude: entre o 21/01/2025 e o 30/09/2025, agás esgotamento de crédito previo.

**Información elaborada coa colaboración de CC Xestión.**



## Axudas para empresas e persoas autónomas galegas

### **\*Promoción do emprego autónomo**

*Liña 1. Axuda ao inicio da actividade económica e o mantemento do autoemprego como traballador por conta propia.*

**Beneficiarios/as:** persoas autónomas, desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, que causen alta no réxime especial de Seguridade Social por conta propia (RETA) entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025, como titulares dun negocio ou cotitulares (exclusivamente mediante sociedade civil, comunidade de bens ou entidades sen personalidade xurídica de nova creación). Deberán ter iniciada a actividade laboral antes da solicitude da subvención e non haber tido ningunha alta inicial como autónomo nos 5 anos anteriores a esta convocatoria.

**Contía:** entre 2.000 e 7.000€, segundo o colectivo de pertenza do solicitante.

*Liña 2. Axuda para sufragar a cota reducida de seguridade social do primeiro ano de actividade.*

**Beneficiarios/as:** persoas autónomas, desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, que causen alta no RETA entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025, como titulares ou cotitulares dun negocio ou explotación de nova creación.

**Contía:** 960€.

Prazo de solicitude: entre o 24/01/2025 e o 30/09/2025.

### **\*Bono nova oportunidade**

**Beneficiarios/as:** persoas autónomas que teñan sido autónomas con anterioridade e queiran volver emprender.

**Requisitos:** ser persoa desempregada, inscrita como demandante de emprego, que careza de ocupación efectiva; causar alta no RETA entre o 31/10/2024 e o 30/09/2024; ter unha alta anterior no RETA dentro dos 5 últimos anos anteriores a esta convocatoria; ter cotizado desta nova alta, polo menos, 3 meses ininterrompidos; e transcorrer un mínimo de 6 meses entre a nova alta en RETA e a anterior baixa.

**Contía:** 7.500€, que se incrementará en 500 euros no caso de que a beneficiaria sexa muller.

**Prazo de solicitude:** entre o 24/01/2025 e o 30/09/2025.

### **\* Bono autónomo/a**

**Beneficiarios/as:** persoas autónomas, ou empresas con autónomos societarios, de alta no RETA, que cumpran os seguintes requisitos, entre outros:

a) Que teñan unha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos dende a data da solicitude, na realización dunha actividade empresarial ou profesional.

b) Que teñan unha facturación mínima anual de 12.000€, IVE incluído, no exercicio 2023.

c) Que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas, no IRPF de 2023, inferior a 50.000€, no caso de tributar en IRPF.

d) No caso de tributación por Imposto de Sociedades, que teña unha base imponible na declaración do 2023 inferior a 50.000€.

e) No caso de tributación por atribución de rendas, o importe de 50.000€ referirase á suma dos rendementos netos reducidos declarados no IRPF de cada un dos membros da entidade solicitante.

**Investimentos subvencionables:** compra de maquinaria; inversións para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos; compra e/ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética; reforma do local ou espazo do negocio; compra de ferramentas; equipamento informático; rótulos; investimentos en aplicacións informáticas, creación e desenvolvemento de páxinas web, apps e redes sociais; deseño de marca; e equipamento de oficina e/ou negocio.

Non son subvencionables teléfonos móbiles ou smartphones, nin os gastos de xestión de páxinas web, redes sociais ou similares. Subvencionaranse os investimentos realizados entre o 01/10/2024 e a data de solicitude da subvención, efectivamente xustificados mediante factura e xustificante de pago bancario.

**Prazo de solicitude:** do 24/01/2025 ao 30/09/2025.

### **\*Bono remuda**

**Beneficiarios/as:** as persoas traballadoras autónomas, as sociedades de calquera clase, que cumpran os seguintes requisitos: a remuda deberá estar motivada por xubilación ou proximidade da idade de xubilación (62 anos ou máis) do titular do negocio; incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou gran invalidez; ou morte. O negocio obxecto da remuda debe ter unha antigüidade mínima de 5 anos. Que non teñan transcorrido máis de 12 meses entre a publicación desta subvención e a baixa no RETA e na actividade do antigo titular do negocio, que se trate da mesma actividade do negocio que se remuda e que se desenvolva no mesmo local (no caso de precisar local). Que o negocio obxecto de Remuda estea inscrito na Bolsa de Remuda da Rede de Polos de Emprendemento, salvo negocios que foran obxecto de remuda antes da publicación desta subvención.

*Liña 1. Bono Remuda Rural: para negocios en concellos de menos de 10.000 habitantes.*

*Liña 2. Bono Remuda Xeral: para negocios situados no resto de concellos.*

**Contía:** o Bono Remuda subvenciona o prezo, sen IVE, estipulado no contrato de remuda. No caso de que se acceda á remuda mediante un contrato de alugueiro de local e medios produtivos o importe a percibir será o equivalente aos 18 primeiros meses de aluguer. Na Liña 1 a porcentaxe de subvención será do 75% do prezo do contrato de remuda. Na Liña 2 a subvención será do 70% do prezo do contrato de remuda.

A porcentaxe da axuda, só no caso de persoas físicas, incrementárase nun 5% máis, acumulables entre si, no caso de negocios adquiridos por unha muller, persoa menor de 30 anos, persoa maior de 52 anos, desempregado de longa duración, ou cando o negocio que se traspassa ten máis de 5 traballadores.

**Prazo de solicitude:** do 24/01/2025 ao 30/09/2025.

**Información elaborada coa colaboración de CC Xestión.**



**PRUEBA 1 MES  
AUDÍFONOS  
GRATIS**



**tábora**  
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO  
FINANCIACION SIN INTERESES**

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE  
RUA PROGRESO,13**

Tlf: 981 505 199  634950412

**NUEVA  
UBICACIÓN**



**tábora**  
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS  
GRADUADAS  
99 €**



E-15-001238

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE  
RUA PROGRESO,13**

Tlf: 981 505 199

 634950412

*Alfonso Modas*

## Todo ao 60%

Rúa Mateo Segade Bugueiro, 13  
Melide (15800)  
981 50 54 58

VÉN DESCUBRIR A NOVA TEMPADA AS NOSAS TENDAS



ESTAMOS EN  
- Ronda da Coruña, 24  
- Rúa do Convento, 20  
Melide, A Coruña

CONTACTA CON NÓS  
981 815 619  
981 609 057  
calzadosbroz@gmail.com

SÍGUENOS EN REDES SOCIAIS



E TAMÉN NA NOSA WEB:  
CALZADOSBROZ.COM

CALZADO DE PRIMEIRAS MARCAS

- Panamá Jack
- J'hayber
- Alpe
- Pitillos
- Callaghan
- Kangaroos
- Pablosky
- Victoria
- Clarks
- Pepe Jeans
- Vulca Bicha
- ...



Promocións especiais de Mercamelide!

Rúa do Convento, 2  
15800 MELIDE  
(A Coruña)

622 95 30 80

sarela\_melide

sarelamelide

# Stardemoda

Coas túas compras participas nun sorteo dunha masexa en **Laura Fisioterapia**

Todo ao **50%**

Rúa San Pedro, 10 - Melide (15800)  
981 50 65 12 / 626 56 49 02

# GOALKERS

TIENDAS DE DEPORTE

## Descontos do: 50% e 20%

Ronda da Coruña, 10  
Melide (A Coruña)  
633 10 63 85



Esperámosvos no Mercamelide

As mellores marcas do mercado con grandes descontos!

Rúa do Convento, 16 - Melide Tfno: 679 221 381



## MIS MEJORES LABORES

Liquidación de temporada con prezos irresistibles

Ronda da Coruña, 38  
Melide (15800)  
81 50 90 85

@mismejoreslabores

Mis Mejores Labores Melide

# ZAFIRO TOURS

RESERVA AQUÍ AS TÚAS VACACIONES!

Rúa do Convento, 6 - Baixo  
Melide (15800)  
881 975 643 / 627 062 327

booking.melide.zafirotravels.es / @zafirotravelsmelide





*Navega con nos*



itegal



Internet | Telefonía | Telecomunicacións

Rda da Coruña 20, Melide - 881 096 200 | Rúa Tui 34, Lugo - 982 090 368

## Oficina Adeslas Melide

**Seguros de calidad con atención cercana y ágil**

 981 077 245  
 604 006 203

 [melide@oac.segurcaixamelide.es](mailto:melide@oac.segurcaixamelide.es)  
 [oficina.adeslas.melide](https://www.instagram.com/oficina.adeslas.melide)



**¡Visítanos en nuestro stand en MercaMelide!**



**Sueños**



**El Gándolo**  
MODA HOME - MULLER

**PROMOCIONS ESPECIAIS!!**

**Rúa do Convento, 15  
Melide (15800)  
981 50 71 87**




**XANELA**  
ocio e animación

- Parque de bolas
- Animación en banquetes
- Decoración y mesas dulces

 **682 105 450**

 [xanela\\_ocio](https://www.instagram.com/xanela_ocio)

 [Xanela Ocio e Animación](https://www.facebook.com/XanelaOcioeAnimacion)



 Rúa Rocamador, 15800 Melide, A Coruña



**Moito máis que xeados!**

Teléfono: 881 99 05 50

## DESCARGA A APP DE ASETEM

Consigue descontos, ofertas, promocións e premios exclusivos.

As empresas locais a un só click!



# ANÚNCIATE NO CERNE!

## O proxecto do espazo de habitacións senior Casal Costoya presentárase o vindeiro xoves no Salón de Actos de Asetem



Manuel Casal, promotor deste proxecto empresarial dun espazo de habitacións senior, cos paneis onde se ve como quedaría esta urbanización para maiores de 55 anos. / Foto: Manuel Casal

O proxecto do espazo de habitacións senior Casal Costoya, do que son promotores a empresa que comercializa El Huevo de la Abuela e as irmás de Manuel Casal CEO, presentárase o vindeiro xoves 13 de febreiro no Salón de Actos da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide (rúa Lino Sexto).

A presentación é de libre acceso e poden acudir todas as persoas interesadas en coñecer este novo proxecto.

Este complexo ocupará unha superficie de 100.000 metros cadrados e terá preto de 300 unidades habitacionais, de 1 e 2 dormitorios, residencia xeriátrica, consulta médica, edificio social e un amplo abano de servizos, moi semellantes aos de calquera complexo de alta gama. Entre estes servizos atopamos: cafetería, salón de peiteado, piscina cuberta, servizo de transporte á vila, lavandería, aulas para talleres ou recepción, entre outros.

Dende a empresa promotora destacan que ante os novos tempos necesitanse remedios novos e o "cohousing senior" é unha tendencia estendida en Europa e tamén nalgúns lugares de España. "En Melide queríamos un proxecto neste sentido porque temos espazo, clima, situación xeográfica adecuada e servizos suficientes para albergar unha iniciativa así", trasladou Manuel Casal.

Este é un modelo diferente ao das tradicionais residencias xeriátricas, dado que, segundo indican os promotores, o complexo está ideado como un verdadeiro "resort", no que poder envellecer de forma activa, nunha vila onde serán recibidos cos brazos abertos.

No conxunto de habitacións propoñen todo tipo de servizos de atención doméstica, asistencia e recreativa para crear un entorno seguro, cómodo e sen barreiras arquitectónicas.

Este proxecto innovador integrará: modelo

de residencia colaborativa, enfoque de envellecemento activo, promoción da autonomía persoal, integración social e comunitaria, servizos integrais, sostenibilidade social e ambiental, e economía circular.

Algúns dos obxectivos deste "cohousing senior" son: romper coa idea de dependencia asociado á 3ª idade, reducir o illamento social, promoción da saúde integral, seguimento personalizado, prevención do deterioro funcional, atención temperada de necesidades emerxentes ou fomento das actividades compartidas.

Haberá dous tipos de vivendas: por unha banda, os de 1 dormitorio cunha superficie útil de 50-55 metros cadrados, e os de 2 dormitorios cunha superficie útil de 70 metros cadrados. As características xerais destes inmobles son: salón, comedor e cociña integrados nun único espazo; zona exterior privada; organización en planta baixa,

deseño accesible en todos os seus espazos; criterios de eficiencia enerxética en canto a illamentos, orientación e emprego de sistemas de xeración de enerxía eficientes; e conectividade doméstica básica.

No caso da residencia terá capacidade para 50 usuarios e usuarias e unha superficie de 1.250 metros cadrados. Este espazo contará con: habitacións individuais e dobres con baño, zonas comúns, cociña e comedor, atención sociosanitaria, sitio de rehabilitación e zona de atención xeriátrica e de enfermería.

Esta iniciativa despertou tal interese que, en apenas, 3 meses xa chamaron centos de persoas para comunicar o seu interese en adquirir unha das vivendas deste complexo de habitacións. A maiores, tal e como nos adiantaba Manuel Casal, este proxecto non só interesa a xente da contorna, dado que a maioría das persoas que chamaron son do País Vasco, Madrid e Cana-

rias. Na actualidade, máis da metade de prazas xa están nun sistema de pre-reserva. De todos xeitos, Manuel Casal quere aproveitar esta presentación no Salón de Actos de Asetem, en Melide, para que a xente da vila coñeza o proxecto de primeira man e se lles interesa que teñan a opción de comunicalo.

Ademais, este innovador proxecto tamén terá diversos beneficios para o municipio melidense dado que as persoas usuarias comprarán e consumirán na vila e empadroaranse no Concello, así como todos os postos de emprego que se crearán. Segundo as estimacións realizadas este complexo de habitacións creará arredor de 150 postos de emprego.

Esta iniciativa empresarial xa se presentou ante as diferentes Administracións públicas e está á espera dalgúns informes necesarios para comezar. A inversión do proxecto é de 38 millóns de euros.

## *CEIP de Arcediago, un centro rural con moitas vantaxes*

Dende o 17 ata 21 de febreiro, temos portas abertas no CEIP de Arcediago. O CEIP de Arcediago é un centro no rural con aulas multigrado, nas que conviven estudantes de diferentes idades e niveis educativos. Este modelo, lonxe de ser un obstáculo, presenta unha serie de vantaxes que enriquecen tanto o proceso de ensino-aprendizaxe como a convivencia escolar.

Unha das principais vantaxes das aulas multigrado é a personalización da ensinanza. Dado que os grupos son reducidos, os docentes podemos ofrecer unha atención máis próxima e adaptada ás necesidades individuais de cada estudante. Esta flexibilidade permite que o alumnado avance ao seu propio ritmo, sen a presión da comparación constante cos seus compañeiros da mesma idade. Ademais, o feito de compartir espazo con nenos e nenas de diferentes idades fomenta o aprendizaxe colaborativo, no que os máis pequenos poden aprender dos maiores, e ao revés, consolidando coñecementos ao ensinar e explicar a outros.

Outra vantaxe significativa das aulas multigrado é o desenvolvemento de habilidades sociais. Os estudantes aprenden a interactuar con compañeiros de diversas idades, o que lles permite desenvolver unha maior empatía, cooperación e respecto polas diferenzas. Esta convivencia interxeracional tamén promove un ambiente de apoio mutuo, onde os alumnos poden axudarse entre si en lugar de competir. Ademais, este tipo de aulas favorece a creación dunha comunidade educativa máis cohesionada, onde os lazos entre estudantes, profesorado e familias adoitan ser máis fortes e estreitos.

Finalmente, as aulas multigrado fomentan a creatividade e a innovación pedagóxica. Os docentes debemos ser capaces de deseñar actividades e estratexias de ensino que permitan atender as necesidades de todo o alumnado, empregando métodos máis dinámicos e variados. Isto favorece unha aprendizaxe activa e significativa, no que os alumnos se convirten en protagonistas do seu propio proceso educativo.

En conclusión, as aulas multigrado ofrecen numerosas vantaxes que van máis alá da xestión eficiente dos recursos. Promoven unha aprendizaxe máis personalizada, favorecen o desenvolvemento de habilidades sociais e permiten a creación dunha comunidade educativa forte e cohesionada. Así, a pesar dos desafíos que poida implicar este modelo, as aulas multigrado poden ser unha excelente opción para os centros rurais, axudando a garantir unha educación de calidade para todos os estudantes, sen importar o seu número.

*Ceip de Arcediago*

**XORNADA DE  
PORTAS ABERTAS NO**

**CEIP DE  
ARCEDIAGO**

**DO 17 AO 21 DE FEBREIRO**

**DE 10:30 A 11:30 HORAS**

**CONTACTAR PREVIAMENTE:**  
**881 866 143**  
**633 953 267**

## *Impotencia, indefensión e inseguridade en Melide*

Somos moitas as veciñas e veciños de Melide que dende hai uns meses sentimos impotencia, indefensión e inseguridade por mor das carreiras ilegais e o uso indebido das nosas estradas por parte dun grupo de rapaces que, a miúdo, pasan polas rúas da vila coma se fose un circuito. Esta problemática afecta a diversas zonas do municipio como: a rúa Galicia, avenida Compostela, parroquias como as Santa María ou Furelos, rúa Bispo Varela Fondevila e Vereas,...

Dende hai varios meses un grupo duns 10 rapaces aproveita a proximidade da noite, especialmente nas fins de semana, para coller as súas motos e coches para derrapar, circular a grandes velocidades, facer "cabaliños", queimar roda, etc. En moitas ocasións, pasan ata dúas horas facendo un ruído insoportable. Isto implica un evidente perigo para toda a veciñanza, dado que xa non é a molestia que lle poida ocasionar o ruído á veciñanza das zonas afectadas, senón que pode ser o preludio dunha desgraza. As velocidades que collen os vehículos ou o circular en paralelo para facer carreiras pode ocasionar, máis pronto que tarde, danos severos en persoas inocentes.

Ante esta situación son varios os veciños e veciñas que deciden chamar á Garda Civil pero, en varias ocasións, ao outro lado do teléfono comunícanlles que non hai persoal de garda en Melide e que teñen que chamar a outras delegacións. Ante isto, a veciñanza sente impotencia e indefensión ante un problema que nos afecta a todas e todos. Somos conscientes que na rúa Galicia se instalaron pasos de altura para evitar estas carreiras pero aos corredores parece non importarlles, dado que a situación continúa.

Ademais, todo isto sucede nun momento no que o tráfico do municipio e os accidentes aumentan. As veciñas e veciños de Melide teñen que poder durmir de noite sen que fortes rúidos os esperten de xeito alarmante, pasear cos seus cativos e cativas pola noite sen medo a seren atropelados, ter a posibilidade de ver a televisión ou estudar sen rúidos insoportables de maneira continua.

A veciñanza simplemente solicita maior seguridade e protección, que as autoridades e administracións competentes poñan medidas para por fin a esta situación que afecta a toda a poboación. Sabemos das limitacións que poden existir por mor da falta de persoal, especialmente, na Policía Municipal e a Garda Civil pero é necesario que durante as noites se faga unha mínima labor de vixilancia para disuadir a estes rapaces que atentan contra a seguridade nas rúas de Melide.

*Veciñanza de Melide*

## A Xunta de Galicia filtra un informe decisivo sobre o proxecto de Altri



Alfonso Rueda nunha rolda de prensa. / Foto: Xunta de Galicia

A Xunta filtra ao xornal La Voz de Galicia un dos informes decisivos sobre o proxecto que Altri quere realizar en Palas de Rei. Dito documento emiteo Augas de Galicia sobre a potencial afectación desta industria tanto ao río Ulla como ao embalse de Porto-

demouros. É preciso lembrar que o embalse xa non se atopa, na actualidade, nunha boa situación.

Neste texto afirmase que a fábrica de celulosa é "compatible cos obxectivos ambientais" e asegura que "non causará impactos significativos" nin no río Ulla

nin no embalse de Portodemouros.

Dende a Plataforma Ulloa Viva consideran isto unha falta de respecto á cidadanía. A maiores, Greenpeace pide que o proceso de avaliación se pare temporalmente e se faga unha investigación para depurar responsabilidades: "é unha forma de proceder absolutamente escandalosa e un desprezo á veciñanza".

Alfonso Rueda, defende dita filtración e documentos: "é un informe importante, firmado por técnicos. E o que di hai que respectalo".

Segundo publica La Voz de Galicia, o proxecto de Altri e Greenalia dos 27 informes que precisa do Goberno galego, xa conta con 24 deles. Os 3 que faltan están pendentes de analizar información adicional requirida á empresa.

## "Namórate de Melide" é o lema para os Namorados



Imaxe de promoción para namorarse do municipio melidense. / Foto: Asetem

"Namórate de Melide" é o lema da nova iniciativa da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide para o Día das persoas namoradas, o 14 de febreiro.

Con esta campaña, a través das redes sociais, a Asociación empresarial

quere promover a poboación da comarca e vilas limítrofes a namorarse de todo o que Melide ofrece: comercio, hostalería, paisaxe e patrimonio.

Nos establecementos locais a clientela poderá atopar os mellores regalos para esa persoa especial.

## Xa se pode solicitar o Bono Emancípate, destinado a persoas mozas traballadoras que aluguen ou adquiran unha vivenda



Unha muller nova facendo a mudanza para a súa nova vivenda, como as beneficiarias deste Bono. / Foto: iStock

Aberto o prazo para solicitar o Bono Emancípate, destinado a persoas mozas traballadoras que aluguen ou adquiran en propiedade unha vivenda.

A finalidade desta axuda é contribuír a sufragar os gastos derivados da emancipación a unha vi-

venda distinta da dos seus proxenitores ou proxenitoras, como son os derivados dunha mudanza, a adquisición de mobiliario e artigos de decoración en xeral, electrodomésticos, enxoval de cociña e baño, téxtil de fogar e gastos de xestoría ou notaría.

Esta axuda farase efectiva a través dunha tarxeta virtual, a cal só poderá ser utilizada en establecementos de venda de mobiliario, electrodomésticos, tendas de decoración e outros comercios especializados, grandes superficies, empresas de mudanzas,

xestorías e notaría, que teñan establecemento aberto no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta tarxeta non poderá ser utilizada en compras a distancia.

Poderán beneficiarse desta axuda persoas físicas maiores de idade que reúnan unha serie de requisitos como son: ter menos de 36 anos de idade; dispoñer de, polo menos, unha fonte regular de ingresos na data da solicitude; non superar os umbrais de ingresos que establece a orde; ser titular en Galicia, en calidade de persoa arrendataria, dun contrato de alugamento de vivenda que teña unha duración mínima dun ano, ou ter subscrito como adquirente unha escritura pública de compravenda dunha vivenda, con posterioridade ao 31 de maio, entre outros.

A contía total da axuda é de 1.500 euros para as persoas mozas que, reunindo os requisitos establecidos nas bases, soliciten a axuda na súa condición de arrendatarias dunha vivenda diferente da dos seus proxenitores ou proxenitoras, e de 3.000 euros para as que teñan adquirido unha vivenda en propiedade, con posterioridade ao 31 de maio de 2024 e en todo caso antes da data de remate do prazo de solicitudes.

Os produtos serán os adquiridos dende a activación da tarxeta ata o 31 de decembro.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o 30 de abril de 2025, agás que se produza con anterioridade o esgotamento de crédito orzamentario dispoñible, caso en que se observará a prioridade da data e hora de entrada da solicitude.

## O vindeiro 9 de marzo celebrarase o I Encontro de Mulleres Bocelo - Melide



Varias das organizadoras coa concelleira de Igualdade. / Foto: C. Melide

O vindeiro 9 de marzo celebrarase o I Encontro de Mulleres Bocelo - Melide, organizado pola Asociación Deportiva Cerne, o Concello de Melide e Asaltamontes Female. Esta actividade está pensada para introdu-

cir ás mulleres en deportes ao aire libre como o sendeirismo ou o trail running.

O punto de encontro será o Cantón de San Roque, onde a partir das 8:30h se fará entrega dos dorsais para, a continuación, ás

9:30h coller os autobuses que subirán ás participantes ao alto do Monte do Bocelo para percorrer a senda PR-G 259. O tramo será de 10 quilómetros de baixada, con dificultade técnica baixa ata chegar á Praza do Convento, onde haberá un fin de festa para repoñer enerxías e forzas.

Neste encontro as participantes terán a oportunidade de coñecer a outras mulleres coas mesmas inquietanzas.

As persoas interesadas en participar deben inscribirse antes do 2 de marzo, ou ata que se rematen as prazas, de maneira presencial no Concello de Melide ou a través dun enlace dispoñible nas redes da Asociación Deportiva Cerne. Este evento é totalmente gratuíto e para mulleres maiores de 16 anos.

## Dez anos da Asociación de Mulleres Rurais Alecrín



Alumnas nunha actividade da Asociación Alecrín. / Foto: Facebook Alecrín

A Asociación de Mulleres Rurais de Melide, Alecrín, cumpre 10 anos en activo.

Esta entidade conta, na actualidade, con máis 900 socias e realiza arredor de 30 actividades ao longo de todo o ano. Entre

as iniciativas máis destacadas desta asociación é o Festival SBK Melide, o que organizan cada verán para que o municipio se encha de amantes do baile. Outras actividades son: pilates ou ilustración.

## A Garda Civil detivo ao autor de múltiples roubos cometidos nas comarcas Terra de Melide, Arzúa, Ulloa, Deza e Ordes



Momento da detención por parte da Garda Civil do autor de múltiples roubos na comarca. / Foto: Garda Civil

No marco da Operación CARDENAL, realizada polos compoñentes do Equipo ROCA de Santiago de Compostela, coa colaboración dos Postos de Arca, Boimorto, Arzúa, Melide e a Patrulla da Compañía de Santiago, a Garda Civil detivo a un individuo pola súa presunta implicación nunha serie de

delitos contra o patrimonio que xerou unha gran alarma social nas localidades de Boimorto, Arzúa, Curtis, O Pino, Frades, Oroso, Palas de Rei, Vila de Cruces, Lalín e, especialmente, en Melide.

O detido é considerado responsable de varios roubos que iniciou en outubro e que inclúe 12 delitos

de roubo e uso de vehículos, 22 delitos de roubo con forza no interior de vehículos, 2 delitos de roubo sen forza e 1 delito contra a seguridade viaria ao conducir sen o permiso correspondente.

O autor dos feitos aproveitaba as últimas horas da tarde e os descoidos dos propietarios para sub-

traer vehículos coas chaves postas, os cales eran posteriormente abandonados en Melide. Estes vehículos roubados eran usados para a comisión de roubos no interior de outros automóviles estacionados en lugares pouco transitados das localidades afectadas.

O detido empregaba un martelo de emerxencia para fracturar as ventás dianteiras, accedendo á guanteira e subtraendo obxectos de valor do interior. No caso de non atopar botín, causaba danos indiscriminados, como a fractura de todas as ventás e desperfectos no interior do vehículo. Ademais, atribúenselle 2 delitos de roubo de gasoil, usando unha garrafa plástica e unha manguera para repostar vehículos subtraídos.

A operación culminouse o pasado 22 de xaneiro coa detención do

sospeitoso en Melide. Foi sorprendido in fraganti a bordo dun vehículo subtraído en Frades, mentres realizada labores de vixilancia en busca de novos obxectivos.

No momento da detención, o individuo portaba diversas ferramentas usadas para a comisión dos roubos: un gorro para ocultarse, luvas, lanterna, desparafuso, martelo rompe cristais, unha garrafa de 5 litros e unha manguera de succión.

Grazas á actuación do Equipo ROCA da Garda Civil de Santiago de Compostela: logrouse a recuperación do vehículo subtraído, que xa foi entregado ao seu propietario lexítimo, e reuníronse probas que vinculan ao detido con 37 delitos contra o patrimonio e a seguridade viaria.

As dilixencias entregáronse no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Arzúa.

## Inaugurado o tramo da A-54 entre Palas de Rei e Melide



O ministro Óscar Puente e os alcaldes de Melide, Palas e Santiso. / Foto: Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible

O ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, presidiu a inauguración do penúltimo tramo da A-54, entre Palas de Rei e Melide. A maiores, Puente aproveitou esta visita para confirmar que a autovía

Lugo - Santiago, eixo fundamental para a vertebración da Galicia interior, estará en servizo este ano 2025, permitindo conectar Melide con ambas cidades a menos de 30 minutos "coas mellores condicións de circu-

lación e seguridade viaria", apuntan dende o Ministerio de Transportes.

O Goberno central inverteu máis de 100 millóns de euros en construír este tramo de 11'7 quilómetros entre Palas de Rei e

Melide. Conta cunhas 17 estruturas entre as que destaca o viaduto que salva o río Pambre, que se converteu no máis longo da provincia de Lugo, con case 1 quilómetro de lonxitude.

"Con esta apertura e a do último tramo ata Arzúa, algo que confiamos que poida ter lugar este mesmo ano, este Goberno poñerá en servizo a metade dos 94 quilómetros desta autovía, dende que en 2019 abrimos o tramo Lavacolla-Arzúa", destacou o ministro durante a súa visita ao viaduto do Pambre do novo tramo da infraestrutura. Nesta cita de inauguración Puente estivo acompañado polos alcaldes de Melide, Palas de Rei e Santiso.

Ademais, o ministro afirmou que se promoveron unha serie de medidas no entorno da rotonda do núcleo do municipio melidense, consensuadas co Con-

cello, a Dirección Xeral de Tráfico, o Centro de Control de Tráfico do Noroeste e a Agrupación de Tráfico da Garda Civil.

A apertura deste tramo da autovía, segundo indican dende o Ministerio, permitirá mellorar a seguridade viaria, comodidade e tempo de recorrido das persoas usuarias e tamén a seguridade da N-547, tanto do tráfico rodado como dos peóns, ao sacar tráfico de longo recorrido dunha vía que rexistra importantes tránsitos de peregrinos do Camiño Francés a Santiago de Compostela con cruces frecuentes.

O trazado en planta e alzado ten radios moi amplos e suaves pendentes, cunha mediana de 9 metros. No firme empregáronse mesturas bituminosas sostibles co uso de caucho procedente de pneumáticos reciclados.

## Os Concellos galegos do Camiño Francés presentan "Camina con los sentidos"



Representantes da Mancomunidade e da Xunta en Fitur. / Foto: C. Melide

A Mancomunidade de Concellos galegos do Camiño Francés, composta polos municipios de Melide, Arzúa, Palas de Rei, Monterroso, O Pino, Paradela, Sarria, Triacastela, Samos e Pedrafita do Cebreiro, presenta na Feira Internacional do Turismo (en Madrid)

a campaña "Camina con los sentidos". Nesta cita estivo presente o concelleiro melidá, Xosé Igrexas, como representación da vila.

Esta iniciativa, de promoción turística, pretende difundir os 160 quilómetros desta ruta por territorio galego.

O Camiño Francés, escollido durante o 2024 por máis de 236.000 peregrinos e peregrinas, case a metade de todos os que chegaron a Santiago de Compostela o ano pasado. "O que pretendemos todos os concellos galegos por onde pasa é que o peregrino que fai este itinerario volva para coñecer todos os demais atractivos dos nosos municipios", explica a presidenta da Mancomunidade e alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias.

Así mesmo, nesta presentación houbo tempo para promover a guía, de acceso gratuito, que este organismo do Camiño Francés realizou o pasado novembro. "Unha guía que dedica 6 páxinas a cada 1 dos concellos que se atopa no itinerario e que se traduciu a 6 idiomas", fixo fincar Olga Iglesias.

## O 3 de maio celebrarase o terceiro Desafío Cerne



Cartel de promoción da terceira edición do Desafío Cerne. / Foto: Desafío Cerne


O sábado 3 de maio celebrarase a terceira edición da iniciativa Desafío Cerne.

Este ano, como novidade, o percorrido formará parte da Volta Galicia BTT UCI. Para participar nesta competición xa se pode inscribir na páxina web: [voltagaliciabt.com](http://voltagaliciabt.com).

Haberá dous tramos diferentes: unha ruta larga de 58 quilómetros (para a proba BTT máis para as persoas participantes na proba cicloturista) e a ruta corta de 46 quilómetros (cicloturista). O percorrido será similar ao da pasada edición.

## FEIRA DE Gastronomía E Artesanía

**MELIDE**  
8-9 FEBREIRO  
PAZO DE  
CONGRESOS  
HORARIO CONTINUO  
DE 11:00 h A 20:00 h



### SÁBADO 8 FEBREIRO

### DOMINGO 9 FEBREIRO

11:00 h / APERTURA

11:00 h - 12:00 h  
Paseos guiados por Melide con *Guido Guía I*  
guidoguiaturismo@gmail.com  
(CANTÓN DE SAN ROQUE DE MELIDE)

11:00 h - 14:00 h  
Xogos infantís e manualidades divertidas (ESPAZO INFANTIL)

12:00 h / INAUGURACIÓN  
Acto oficial inauguración do Mercamelide e Feira de Artesanía e Gastronomía

Entrega de premios "Este Nadal toca en Melide" de ASETEM (ESPAZO ACTIVIDADES)

12:30 h - 13:30 h  
Obradoiro sobre lapiceiros de emojis (ESPAZO INFANTIL)

16:00 h - 16:30 h  
Demostración de decoración con fío de yute por *Isabel López Artesanía* (Paradela) (STAND ARTESANÍA ISABEL)

16:00 h - 20:00 h  
Actividades infantís: Xogos de mesa. Manualidades variadas e xogos divertidos (ESPAZO INFANTIL)

16:30 h - 17:30 h  
A raza Porco Celta 100% Autóctona Galega (ESPAZO ACTIVIDADES)

17:30 h - 18:30 h  
Taller infantil: Animais de madeira (ESPAZO INFANTIL)

18:00 h - 19:00 h  
Introdución ó Mundo do Viño: A Bodeguilla (ESPAZO ACTIVIDADES)

\*Durante todo o día:

- Taller individual de iniciación á alfarería impartido por *Eva Mera* (STAND EVA MERA)

- Espazo infantil para as crianzas miúdas vixiadas polas familias con actividades sensoriais, construcións... (ESPAZO INFANTIL)

11:00 h / APERTURA

11:00 h - 12:00 h  
Paseos guiados por Melide con *Guido Guía I*  
guidoguiaturismo@gmail.com  
(CANTÓN DE SAN ROQUE DE MELIDE)

11:00 h - 14:00 h  
Actividades infantís: Xogos de mesa e globoflexia (ESPAZO INFANTIL)

12:00 h  
Cata de produtos deshidratados por parte de *Trasdeza Natur* (STAND TRASDEZA NATUR)

12:30 h - 13:30 h  
Obradoiro de bonecos de neve esquiadores (ESPAZO INFANTIL)

13:00 h - 14:00 h  
Demostración ó torno de *Fran Gorín*, oleiro de Bruño (STAND OBRADOIRO GORÍN)

16:00 h  
Presentación de produto para eventos por *Mel do Brezo* (STAND MEL DE BREZO)

16:00 h - 20:00 h  
Actividades infantís: Maquillaxes e tatuaxes. Xogos de mesa. Manualidades variadas e xogos divertidos (ESPAZO INFANTIL)

17:30 h - 18:00 h  
Presentación do libro "El tiempo en su final de la llegada de iguales" por *Eva Mera* (ESPAZO ACTIVIDADES)

17:30 h - 18:30 h  
Obradoiro de marcapáxinas de collage (ESPAZO INFANTIL)

18:00 h - 18:45 h  
Cata conxunta de Xacobleas con Casa Donicio (ESPAZO ACTIVIDADES)

19:00 h  
Sorteo Cestas Frutas Nati e Escapada Fin de Semana (ESPAZO ACTIVIDADES)

\*Durante todo o día:

- Espazo infantil para as crianzas miúdas vixiadas polas familias con actividades sensoriais, construcións... (ESPAZO INFANTIL)



## Carpintería Aluminios Melide

aluminio  
PVC  
portales  
automatismos  
hierros en general  
persianas, ...

Polígono da Madanela, Parc. 87 Tfno./ Fax.: 981 507 312  
aluminiosmelide1@gmail.com Móviles: 675 611 286 - 685 355 598

## Ovidio Leiva Forestal



*Empresa especializada en explotacións forestais, compra-venda de madeira, tala e retirada para os seus traslados á industria transformadora.*

**Lugar Belmil, s/n**  
**15809 Santiso (A Coruña)**  
**608 58 74 47**  
**981 51 77 36**



Construcción de estradas, obra civil, transportes e excavacións, execución de todo tipo de obras, promoción de solo industrial e espazos para zonas deportivas, hoteleiras e residenciais.

Lg. La Mina, s/n  
15.822 Touro (A Coruña)  
981 517 317 - 981 517 220  
grupofg@fgomez.es



**Manuel  
Buján**

**Carpintería. Cocinas y Baños**



**Tfno. 981 507 421 / Móvil. 610 569 393**  
**Avda. de Lugo, 99 - 15800 Melide (A Coruña)**  
**[www.cocinasmanuelbujan.com](http://www.cocinasmanuelbujan.com)**  
**[mueblesbujan@gmail.com](mailto:mueblesbujan@gmail.com)**



## O Concello de Santiso inverte no servizo de Axuda no Fogar preto de 800.000 euros, máis do 30% do orzamento anual



Imaxe que amosa o acompañamento e coidados necesarios para a xente en situación de dependencia. / Foto de arquivo

O Concello de Santiso vén de firmar o contrato coa empresa do servizo de Axuda no Fogar no que inverte preto de 800.000 euros, máis do 30% do or-

zamento anual. Concretamente, o presuposto total é de 769.608 euros, sendo 706.608 para dependencia e 63.000 para libre concorrencia.

A maiores do forte esforzo económico da Administración local para ofrecer este servizo, o pago do mesmo complementase con 12 euros/hora da Xunta

para dependencia, 14 euros/hora para libre concorrencia por parte da Deputación da Coruña e o copago das persoas usuarias, segundo a súa capacidade económica.

Na actualidade, no concello de Santiso reciben este servizo 46 persoas en situación de dependencia e 14 usuarios e usuarias de libre concorrencia. Isto traducido en horas implica: 2.804 horas/mes de dependencia, o que implica 647 horas/semana. No caso das persoas usuarias de libre concorrencia son 3.000 horas/ano, o que se divide en 250 horas/mes e 58 horas por semana.

A pesares do esforzo da Administración municipal para fortalecer, promover e apoiar este servizo, básico nun concello envellecido como é o de Santiso, hai persoas en lista de agarda.

En declaracións ao Cerne, o alcalde de Santiso comentaba: "gustaríanos que a Xunta aportara moito máis ou a súa totalidade porque ao final é un servizo que non é competencia dos Concellos e custa boa parte dos recursos económicos da Administración local".

Ademais, outro aspecto a mellorar serían os tempos das resolucións do recoñecemento da dependencia, dado que hai persoas que a pesares da súa situación non chegan a recibir esa axuda tan necesaria para as persoas dependentes.

O servizo de Axuda no Fogar permite a persoas de avanzada idade e, na súa maioría, en situación de dependencia poidan estar atendidas na súa casa sen necesidade de trasladarse a unha residencia ou, polo menos, retrasar ese momento.



Tchin Tchin

AUDIO

OS TEUS AUDÍFONOS  
NOVOS POR SOLO

47€/MES\*

TAE: 0%

\*Oferta válida durante todo este ano nos centros de audioloxía de ALAIN AFFLELOU en España. Ver condicións no centro de audioloxía e audioloxía.afflelou.es. Financiamento ofrecido e suxeito á aprobación de PEPPER FINANCE CORPORATION, S.L.U. CIF: B86961612. C/Juan Esplandiú, 13, planta C1, Madrid 28007. HYPERLINK www.pepperfinance.es. Exemplo de financiamento de 1.991,00 € en 37 meses, sen comisión de apertura (0,00 €), 36 cotas de 47,00 € + 1 última cota residual de 299,00 € no caso de que o cliente non desexa renovar os seus audifonos baixo o plan Infinity. TIN 0,00%. TAE 0,00%. Importe Total de Crédito 1.991,00 €. Importe Total Debido 1.991,00 €. Para outras modalidades, importes e/ou prazos, consultar condicións de financiamento. Oferta compatible con Tchin - Tchin.

**C/ RONDA DA CORUÑA, 16**  
**MELIDE · 981 506 097** (E-15001259)

**ALAIN AFFLELOU**  
*Óptico y Audiólogo*

Pide a túa cita  
audiologia.afflelou.es



## Escola Ayude brilla no torneo de Loita Olímpica



O equipo técnico e alumnado da Escola Ayude no Campionato. / Foto: E. Ayude

O alumnado de Escola Ayude brilla no Campionato Galego de Loita Olímpica nas categorías U15 e U20, celebrado en Santiago. Neste torneo, conseguiron 6 ouros, 3 pratas e 2 bronces, así como o terceiro posto por equipos en U15.

Os deportistas participantes foron: Iago Suárez, Iván Carracedo, Xeila Parado, e Iara Parrado na modalidade U15; Lia Mellid, Noelia Rey, Denis Iglesias, Félix Mosteiro, Sergio Vázquez e Roberto Pérez, na categoría de U20.

## O Cross de Santiso abre o prazo para inscribirse o vindeiro 16 de febreiro

A iniciativa deportiva, o Cross de Santiso, abre o prazo para inscribirse o vindeiro domingo, 16 de febreiro, a través da páxina web: [www.crossdesantiso.com](http://www.crossdesantiso.com).

Este evento, organizado por Abeancos en colaboración co Concello de Santiso, terá diferentes categorías para participar: pitufos, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, promesa, andaina e carreira absoluta.

A nova edición do Cross de Santiso celebrárase o sábado 31 de maio no Campo da Festa de Visantóna (Santiso).

O Cross de Santiso volve con forza un ano máis para que as persoas participantes poidan pasar unha xornada gozando do deporte nun fermoso entorno natural, arredor do embalse de Portodemouros.




Cartel de publicidade para a apertura das inscricións. / Foto: Cross de Santiso

Esta iniciativa terá espazo para todas as idades, dado que o seu obxectivo é ser unha actividade para pasar o día en familia e desfrutar da paisaxe desta parte do concello de Santiso. O que naceu como unha carreira escola xa se conver-

teu nunha obrigatoria para os amantes do deporte.

Ademais, o bo funcionamento e organización deste evento deportivo, xa un referente na comarca, fai que o Cross de Santiso non deixe de medrar en participantes e espectadores.

## O comedor do CEIP de Arcediago, un exemplo de autoxestión exitosa



O espazo de comedor do CEIP de Arcediago. / Foto: ANPA CEIP de Arcediago

O comedor do CEIP de Arcediago, en Santiso, é un gran exemplo de autoxestión exitosa no eido escolar.

Para o vindeiro 1 de marzo, abre o prazo para solicitar praza nas escolas públicas para o curso 2024/2025. O CEIP de Arcediago foi, ano a ano, in-

crementando o número de crianzas matriculadas. Un proceso que culminou neste curso co desdobre da aula de infantil.

Gran parte do éxito deste pequeno centro educativo radica nos servizos que se foron poñendo en marcha para acadar a con-

ciliación da vida laboral e familiar.

O comedor escolar, xestionado pola ANPA e cofinanciado pola Deputación da Coruña e o Concello de Santiso, é un éxito tanto polo número de crianzas usuarias (o 50% do alumnado fai uso do servizo), como pola filosofía e xestión do espazo e da comida.

Os menús, confeccionados por unha nutricionista en base a produtos de calidade, tempada e de proximidade, son elaborados diariamente polo Mesón de Visantóna.

O espazo está completamente equipado, grazas a unha axuda da Administración provincial é converteuse nun lugar onde as crianzas aprenden a comer e colaboran nas tarefas.

A maiores, tamén hai actividades de conciliación ata as 17:00 horas.

## O 6 de abril celebrarase a Subida a San Cidre 2025



A saída dos corredores da Subida a San Cidre 2024. / Foto: Concello de Toques

O 6 de abril celebrarase a Subida a San Cidre 2025 en Toques.

Esta carreira é unha das máis coñecidas e duras na comarca, dado que son 13 quilómetros con grandes subidas e desniveis.

A Subida a San Cidre contará, un ano máis,

con varias categorías: absoluta (13km), sub 16 e sub 18 (1,9km), sub 12 e sub 14 (900 metros), sub 10 (500m) e sub 8 (500m).

Nesta 5ª edición da competición esperan contar cun amplo número de participantes e que sexa, unha vez máis, todo un éxito.

## Queremos Galego convoca unha manifestación para o 23 de febreiro



As persoas que asistiron ao plenario comarcal de Queremos Galego na vila de Arzúa. / Foto: Queremos Galego

A plataforma Queremos Galego convoca unha manifestación para o vindeiro 23 de febreiro, ás 12:00 horas, arrinca dende A Alameda de Santiago e rematará na Praza do Obradoiro, onde está previsto que se celebre unha actuación musical.

Esta entidade de defensa da nosa lingua anima á cidadanía a transformar a emerxencia lingüística en forza reparadora, o Día de Rosalía, reclamando "Lingua vital, xa!"

Na presentación desta convocatoria, par-

ticiparon representantes de máis de 20 entidades culturais, sociais, políticas e sindicais do país, en representación das persoas e entidades que están participando ao longo das últimas semanas nos plenarios comarcais que organiza

Queremos Galego pola xeografía galega para artellar un intenso traballo de recuperación do noso idioma en todos os espazos. "A lingua é vital para Galiza e centos de persoas e colectivos xa están a actuar", afirmou Celia Armas, coordinadora de Queremos Galego.

No caso da nosa contorna o plenario celebrouse o pasado 19 de xaneiro, en Arzúa, no que participaron decenas de persoas da zona para avaliar a situación do galego.

O voceiro da plataforma e presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, denunciou un "pacto do enterro do galego", fronte ao que a cidadanía está a reaxir, "co impulso á vida do noso idioma, vital para o noso pobo".

O 23 de febreiro en Santiago de Compostela, a manifestación percorrerá as rúas da cidade co lema "Lingua vital, xa! é a ener-

xía que todo un pobo vai mostrar o Día de Rosalía para transformar a emerxencia lingüística en forza reparadora", comenta na presentación Celia Armas. "Do mesmo xeito que Rosalía inaugurou o rexurdir da lingua galega na literatura, o día do seu nacemento comezará o rexurdir do noso idioma co compromiso e implicación do pobo galego", indican dende Queremos Galego.

Para acudir á manifestación do vindeiro domingo 23 de febreiro pónerase servizo de autobús desde distintos puntos de Galicia, a información estará dispoñible na páxina web da plataforma Queremos Galego a medida que se vaian concretando.

Dende esta entidade confían en que esta manifestación sexa multitudinaria para apoiar o noso idioma e darlle a volta á situación de emerxencia na que se atopa nestes momentos.

## A Deputación da Coruña inicia 2025 cun investimento de máis de 3 millóns de euros nos concellos da Terra de Melide



O presidente Valentín González Formoso na presentación do Plan Único 2025. / Foto: Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña inicia o ano cun investimento de 3.310.220,86 euros nos concellos da comarca da Terra de Melide. Este orzamento destínase a través do Plan Único (POS+2025).

En total, este Plan da Administración provincial acumula 25.886.361,8

millóns de euros cos que os municipios de Santiso, Sobrado, Toques e Melide financiaron 170 obras e varios servizos públicos e programas sociais para a veciñanza.

O presidente, Valentín González Formoso, destacou que "estamos ante

o Plan Único co maior orzamento inicial da historia da Deputación" e incidiu na "contribución fundamental do POS+ para que os concellos, incluso os máis pequenos, poidan executar obras, mellorar as súas infraestruturas, ofrecer servizos municipais de calidade

e incrementar a calidade de vida da veciñanza".

Na comarca da Terra de Melide o investimento para o 2025 é o seguinte: Toques 607.403,17 euros, Santiso 692.024,32 euros, Sobrado 808.913,29 euros, e, por último, Melide con 1.201.880,08 millón de euros.

A maiores, Formoso aproveitou a presentación destes orzamentos para lembrar que "mentres o Fondo Galego de Cooperación Local da Xunta destinou o ano pasado 116 millóns de euros para os 313 concellos galegos, o Plan Único da Deputación superou os 100 millóns só nos concellos coruñeses.

Cos presupostos dos POS+, Melide realizou 29 obras, Santiso 57, Toques 45 e Sobrado 39. Se nos fixamos no investimento total Melide recibiu 9.724.664,13

millóns de euros, Santiso 5.387.825,58 millóns de euros, Sobrado 5.841.057,58 millóns de euros e Toques 4.932.814,51.

Logo a deputada de Plans, Cristina García, apuntou que "este plan é unha ferramenta fundamental para a supervivencia dos concellos, permítilles manter infraestruturas e servizos que melloran a vida da veciñanza e xera tamén un impacto positivo na economía local, ao promover a contratación de pequenas e medianas empresas de construción, enxeñerías e outras de sectores relacionados. Deste xeito, non só se asegura a execución de obras necesarias senón que tamén se axuda a fortalecer o tecido empresarial local, consolídase o emprego e iso contribúe a fixar poboación nos pequenos e medianos concellos".

## Andaina en San Román o sábado 15 de febreiro



Parte do cartel da Andaina en San Román do 15 de febreiro. / Foto: Abeancos

A Asociación Abeancos organiza unha andaina en San Román, baixo o lema "Quedada de Primavera", o vindeiro sábado 15 de febreiro.

Este percorrido será de 7,5 quilómetros e non é preciso anotarse para participar.

A saída realizarase dende o Campo da Festa de San Román, ás 10:30 horas. Nesta andaina coñeceranse varias zonas da parroquia.

Nesta actividade local colabora a Deputación da Coruña e o Concello de Santiso.

## O Día dos Medios en Galego céntrase na función social da comunicación

O presidente da Asociación de Medios en Galego (AMEGA), Pablo García, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, presentaron en rolda de prensa as diferentes actividades que organizou a entidade para celebrar o Día dos Medios en Galego o vindeiro 7 de febreiro. Este día coincide coa saída da primeira publicación monolingüe en galego, O Tío Marcos d'A Portela, editado por Valentín Lamas Carvajal no ano 1876.

No 2025, AMEGA decidiu poñer o foco na función social dos medios de comunicación. De aí o lema "A lingua que nos une". "Porque máis alá da nosa labor informativa, somos axente de cohesión, xera-



A presentación do Día dos Medios en Galego. / Foto: Asoc. Medios en Galego

dores de debate, de espazos de liberdade e fiscalizadores de poder. Somos a garantía de que todas as voces sexan escoitadas, de que todas as inxustizas sexan denunciadas, de que ningún recuncho da nosa terra quede á marxe da información", si-

nalou o presidente da Asociación de Medios en Galego.

O principal acto da celebración será o 7 de febreiro ás 21:30h cos concertos de Leira e a A banda da Loba. As entradas están a venda en [entradium.com](http://entradium.com).

## O grupo Os Melidaos gañan o Premio XIII Xabier Prado Lameiro, outorgado pola Coral de Ruada de Ourense



Todos os membros da agrupación Os Melidaos logo dun concerto co público ao fondo. / Foto: Os Melidaos

Os Melidaos gañan o Premio XIII Xabier Prado Lameiro, outorgado pola Coral de Ruada de Ourense, en recoñecemento dos máis de 20 anos de traballo na investigación, conservación e divulgación do folclore

tradicional de Galicia. O xurado fixo fincapé no "inxente labor" e o "compromiso coa cultura popular galega", desta formación. Este galardón "recoñece a coherente traxectoria" mantida por este grupo melidá.

Os Melidaos quixeron agradecer este premio a través das súas redes sociais coas seguintes verbas: "non podemos estar máis ledos, ante este recoñecemento que nos dá a Coral de Ruada de Ourense, o XIII Premio

Xabier Prado Lameiro". A maiores, citan a Antón Villar Ponte coa frase: "a nós interézanos máis un coro galego que un deputado en Cortes por Galicia" e sinalan, "Os Melidaos seguimos pensando que esta máxima ten plena vixencia nos tempos que nos toca vivir, e a Coral Ruada é un deses coros".

A Coral Ruada de Ourense é unha recoñecida agrupación musical con máis 100 anos de historia e todo un referente da cultura do país, o que lle dá aínda maior prestixio a este recoñecemento.

Os Melidaos, non deixan de recibir premios que recoñecen o seu bo traballo a prol da cultura e a música galega. Este galardón chégalles só 8 meses despois de recibir o Premio Martín Códax na categoría de Música Tradicional. Competición na que tiñan como contrincantes a gran-

des agrupacións como: Malvela ou Mediarea.

Os Melidaos sempre foron uns grandes defensores e divulgadores da nosa cultural, "nós facemos música pero cunha etiqueta que é música tradicional. Este tipo de música ten detrás un pobo, por iso é importante conservala", comentaba Antonio Raposo nunha entrevista publicada no Cerne de maio de 2024.

Ademais, este grupo ten claro que a fórmula para que unha formación funcione é que "o importante é o interpretado non o intérprete. A música tradicional é un tesouro que todos temos a obriga de conservar", indica Antonio Raposo.

Esta recoñecida agrupación melidá conta con varios discos de éxito e cancións que xa forman parte do noso ideario cultural como: "Micaela", "Foliada Namoradeira" ou "Muiñeira de Garceiras".

## "'El tiempo en su final de la llegada de iguales' trata de trasladar a mensaxe da necesidade de aproveitar o tempo"

- De que fala "El tiempo en su final de la llegada de iguales"?

- **Eva Mera:** Trata de diferentes cousas, son relatos nos que expreso os meus sentimentos e como vexo o mundo neste momento. A maiores, é a terceira parte dos outros dous libros anteriores que escribín que foron: "El caballero del corazón de lata" e "Un mar llamado nosotros". Nesta parte relata a miña historia porén refírome como a chica de pelo castaño e longo ou ollos marróns. Esta narrativa é tamén contar a viaxe ata chegar aquí a esta comarca.

- A que te refires cando escribes "el mundo de los iguales"?

- **E.M:** Os antes chamados seres humanos pero con perspectiva de futuro. Con esta frase quero xuntar ou expresar varios conceptos: considero que estamos nun momento no que a humanidade está pobre, especialmente en determinados valores, e gústame reflexionar sobre que todos e todas somos diferentes e únicas pero ao mesmo tempo, non nos debemos esquecer de que, somos iguais. Ao que me refiro polo tanto co mundo dos iguais é a esta sociedade na que vivimos os seres humanos pero narrado como a min me gustaría que cada un vise aos demais. Nos últimos anos, o individualismo non deixou de crecer e no fondo todos somos iguais. Con esta reflexión tamén intento ser un pouco futurista para poñer un pouco de esperanza, como digo no libro "no antes chamado, ser humano".

- No prólogo di Rosendo Bugarín sobre ti: "es un ser humano dotado de una enorme sensibilidad, con un extraordinario mundo interior", como se reflexa isto no



Eva Mera e a portada do seu último libro "El tiempo en su final de la llegada de iguales". / Foto: Eva Mera

### EL TIEMPO EN SU FINAL DE LA LLEGADA DE IGUALES

Eva Mera



Letrame  
Grupo Editorial

libro?

- **E.M:** A obra consta de 3 partes: a 1º, onde narro o meu punto de vista actual, incluso intentando ser un pouco futurista; a 2º, onde conto a miña historia; e logo, por último, hai uns determinados parágrafos, como pequenos fragmentos, onde expreso certas vivencias que tiven na vida e que me dotan desa sensibilidade. Ao final, xa non é que nazas cunha personalidade senón que determinadas vivencias que tes fanche a persoa que es.

O libro non está dividido en capítulos senón en diferentes formas (1,2,3,...) porque é un pouco o xeito no que ves a vida. Esta publicación non sigue un curso cronolóxico de principio a fin.

- Por que escolliches a un doutor de familia como autor do prólogo do teu terceiro libro?:

- **E.M:** Porque Rosendo é

unha persoa moi próxima á familia e era o noso médico de familia. A maiores, foi a primeira persoa que en canto lle comentei que sacara a primeira publicación me amosou o seu apoio. Para min que el crera en min nese momento foi moi importante e por iso que aceptara escribir o prólogo deste libro foi unha sorte. Ademais, el tamén é escritor de 3 libros e soubo perfectamente como facelo.

- As persoas que xa tiveron oportunidade de ler a túa obra falan dun estilo poético e filosófico.

- **E.M:** Pódese dicir que me saíu así. Este libro sáeme do momento, non me poño diante do escritorio unha tarde para escribir, senón que ao mellor estou durmindo, esperto e acórdaseme ese relato totalmente literal a como o escribo despois no libro. Ademais, ao ser un relato moi sentimental onde expreso o que sinto

e vivo pois este estilo é o que mellor lle encaixa.

A maiores, os 3 libros que escribín son moi diferentes. O 1º é toda ciencia ficción, o 2º moi de fantasía e este ten moito de realidade e ata biográfico. Chegados a este punto creo que o meu é expresar o que sinto.

- Nesta publicación poderemos ver ilustracións túas?

- **E.M:** Si, todas as que hai no libro son miñas. Dentro da obra, as formas dos capítulos cada un leva unha ilustración: a forma 1 leva unha, a 2 dúas componse por unha parella de ilustracións e a forma 3 leva un trí. Cada ilustración é algo característico do cotiá, relacionado comigo pero das cousas sinxelas. Estes debuxos van formando, un pouco, o meu mundo.

- Que outros temas tratas nesta publicación?:

**E.M:** Todos os libros come-

zan cun fragmento poético e este recolle os 5 porque trato moito a soidade non desexada, especialmente en determinados momentos onde che pasan cousas negativas e non te das conta de que hai outros centos de persoas que están dende o silencio e pasan polo mesmo ca ti. Eu tiven moitas veces esta sensación, de incluso sentirme incomprendida, entón falo dun "anxo" que ten que pasar por todo iso para chegar ao punto no que está agora.

- Esta obra é como un pequeno diario.

- **E.M:** Si, totalmente. Simplemente escrito doutra maneira. É unha obra moi persoal pero creo que moita xente se poderá sentir identificada.

- Do que puiden ler a miña frase favorita é: "el tiempo era lo valioso, pero solo algunos lo sabían", que buscas con esta frase?

- **E.M:** Expresar que non somos conscientes de que o único valioso é o tempo. Falo moito desas persoas que non saltan non destacan pero soen ser as que máis valoran estas cousas como o tempo. Todo o contrario ao que pasa nas redes sociais, onde a realidade está distorsionada. O libro trata de transmitir a mensaxe da necesidade de aproveitar ao máximo o tempo.

- Cando presentarás a túa última obra?

- **E.M:** Pois na fin de semana do 8 e 9 de febreir. No espazo de actividades do Mercamelide e a Feira de Artesanía e Gastronomía, onde a maiores, terei un posto con diverso material de papelería para vender.

- Onde poderemos conseguir o libro?:

- **E.M:** En calquera librería, plataformas de venda dixitais ou a través de min mesma.

## ELECTROSAN

ESPERÁMOSVOS NO MERCAMELIDE!!

Rúa Martagona, 13 MELIDE (981 50 79 64)  
electrosanmelide@gmail.com  Electrosan



**Véndese leña  
picada de  
carballo**

Santa María  
de Melide

**636 866 996**



## ANDREA GONZÁLEZ E MANUEL MARIÑO, O PEQUENO BESBELLO “Estamos nunha sociedade na que os espazos para os adolescentes están no eido dixital ou na marxe”

- **Que servizos ofreceades na Academia O Pequeno Besbello?**

- **Andrea González:** Temos 4 pés nos que se sustenta a Academia: reforzo educativo para todos os niveis e materias, inglés con profesor nativo, psicoloxía educativa e os obradoiros de estimulación cognitiva no Centro Social de Melide e das parroquias.

- **Como se desenvolven as actividades coa xente maior?**

- **A.G:** Nós buscamos que haxa unha iniciativa na que a xente de máis idade se sinta activa, especialmente a nivel de memoria, e se relacione. A parte social tamén é moi importante.

- **M.M:** Ao mesmo tempo, tamén facemos seguimento das persoas participantes porque nos contan como se atopan, se necesitan algo, e se detectamos algunha dificultade ou cambio infórmasse ao departamento municipal correspondente.

- **Pódese dicir que sodes un axente social máis.**

- **A.G:** Si, orientámolo sobre todo a que teñan un reto e un punto de encontro unha vez á semana. Unha cousa que nos chamou a atención dende o principio é que lles gusta traballar e levar deberes. Estamos moi contentos con estas actividades. Ademais, cada ano temos máis participantes, polo que algo debemos facer ben.

- **Volvendo á Academia, en que consiste a psicoloxía educativa?**

- **M.M:** É aplicar a psicoloxía a dificultades académicas ou de aprendizaxe. Hai unha parte de atención emocional pero moi enfocado á perspectiva escolar como as relacións sociais na escola. Búscase a mellor adaptación posible ao sistema educativo, que non é sinxelo.



Andrea González e Manuel Mariño, responsables da Academia O Pequeno Besbello. / Foto: Cerne

- **Buscar esa adaptación dende fóra do centro educativo farao aínda máis difícil.**

- **M.M:** Si e non. En parte si, porque hai moita información á que non temos acceso, pero polo outro lado somos un axente totalmente independente e non temos a presión, indicacións nin recursos do sistema. Todo o que temos sempre está a disposición. Esta independencia tamén che dá, ás veces, unha marxe de manobra distinto.

- **Fálase moito destas novas xeracións que senón respectan, non valoran,... Que diríades vós que estades todos os días con eles e elas?**

- **A.G:** Os adolescentes e nenos son persoas en pequeno ou mediano tamaño

que se atopan con dificultades e que aínda non están preparados para moitas cousas que suceden. A maiores, necesitan que os escoiten e ter un espazo de tranquilidade, ao igual que as persoas adultas. Todos e todas necesitamos paixón, empatía ou apoio. O problema é que nos adolescentes sublimase todo máis, o malo é moi malo e o bo é moi bo. Non se pode esquecer que eles teñen un cerebro que está en formación e en plena eferescencia. Estámolle obrigando a adquirir certas competencias ou responsabilidades que as persoas adultas tampouco temos: faite responsable da túa vida académica, ten unhas boas relacións sociais, non protestes, apaga a pantalla, non cuestiónes

nada e estate aí caladiño. Os adolescentes e crianzas necesitan un pouco de flexibilidade cara eles e asumir que son persoas, obviamente necesitan unhas pautas pero tamén comprensión. Ademais, é moi importante que se lles dicimos que non estean co teléfono non poden os pais ou as nais estar 5 horas con el.

- **M.M:** Eu reservaría un pouco de admiración porque creo que bastante ben o fan coas condicións que teñen. Comparamos moitas veces como funcionabamos nós cando eramos adolescentes pero é que a situación era absolutamente diferente.

- **A.G:** Logo vivimos nunha sociedade “adultocentrista”, todo está pensado para as persoas adultas, polo que

os seus espazos van estar no eido dixital ou na marxe porque dentro do ordinario non teñen un sitio onde poidan ser.

- **Como facedes para que O Pequeno Besbello sexa un espazo seguro e cómodo para o alumnado?**

- **A.G:** Aquí hai que diferenciar a parte de psicoloxía do resto. No meu caso teño grupos reducidos, de 4-5 máximo, depende do perfil dos nenos e nenas. Logo intento que coincidan persoas que se levan ben entre eles e que sexa un espazo no que poidan preguntar todas as dúbidas que teñas, cousa que na escola ás veces non preguntan por medo a que se rían. Ademais, intento preguntarlles como están, cuestións que en ocasións non lles fan nin na casa. En definitiva, tratalos como persoas.

- **M.M:** Estaba pensando na pregunta de, que tal? Porque normalmente hai, como moito, 3 respostas posibles: ben, mal ou regular. E, a medida que avanza o tempo, a poder de preguntarlles sempre e que se creen conversacións, amplían a capacidade de comunicar as súas emocións ou experiencias. O mellor é cando xa sen preguntar chegan e che contan as súas vivencias. Isto penso que se consegue poñendo o foco de atención na persoa que tes diante e dende aí ti vas conseguir conectar co teu interlocutor. Como di o noso lema: sen emoción non hai aprendizaxe.

**Academia O Pequeno Besbello**


**Rúa San Antonio, 5  
Baixo B  
Melide (A Coruña)**

**Tif: 981 50 52 52**



## CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA  
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



**Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.**

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

## PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

### Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

**INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.**  
Ronda da Coruña, 34  
15800 Melide - A Coruña  
Tel.: 981 50 72 87  
648 75 47 61

**Pedir hora**

